

PLAN DE CONVIVENCIA
SEMINARIO MENOR SAN PELAYO
TUI
2020-2023

S_MT

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia do CPR Seminario Menor San Pelayo de Tui baséase no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro de 2015), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Este plan de convivencia ten como referentes os principios da Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os valores cristiáns.

Pretende garantir o exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos e previr e resolver conflitos de forma pacífica.

2. ANÁLISE DAS NECESIDADES

As faltas observadas durante os últimos anos do noso centro educativo son:

1. Impedimento do normal desenvolvemento das clases.
2. Faltas de respecto ao profesorado.
3. Agresións, inxurias e ofensas entre compañeiros.
4. Faltas de asistencia a clase.
5. Asistencia á aula sen o material preciso para o adecuado desenvolvemento da clase.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia do Seminario Menor San Pelayo de Tui quere contribuír á consecución dos seguintes OBXECTIVOS XERAIS:

Proporcionar ao profesorado, aos alumnos e ás familias instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

Facilitar a xestión de conflitos derivados das faltas de convivencia dende a perspectiva dunha oportunidade de aprendizaxe e mellora concienciando sobre a importancia dun bo ambiente educativo.

Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que rexeiten todas as manifestacións de violencia (acoso escolar, condutas racistas ou xenófobas...) adquirindo as competencias sociais básicas que permitan aos nosos alumnos o seu desenvolvemento integral como persoas.

Ademais, o Seminario Menor ten como OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Proporcionar espazos de participación e comunicación ao equipo educativo, ás familias e ao alumnado para unha boa convivencia.

Fomentar valores, actitudes e boas prácticas en materia de convivencia e de desenvolvemento das clases.

Deseñar protocolos para resolver os conflitos e prever a violencia nas aulas.

Consensuar as normas xerais de convivencia.

Levar a cabo un Plan de Acción Titorial para traballar os aspectos que se formulan neste documento.

Participar nas xornadas que se realicen no noso contorno e que aposten por unha boa convivencia cidadá (día da Paz, actuacións de servizos sociais, prevención de drogodependencias, promoción de hábitos saudábeis...)

4. MEDIDAS DA ACTUACIÓN PARA O ADECUADO DESENVOLVEMENTO DESTE PLAN

- Información aos pais e a todos os membros da comunidade educativa da existencia deste plan ao inicio de curso.
- Traballo cos alumnos dos problemas de convivencia nas horas de titoría e a través de enquisas anónimas e actividades de resolución de conflitos.
- Creación da figura do mediador dentro da aula.
- Elaboración de normas que melloren a convivencia e revisión destas.
- Análise nas xuntas de avaliación dos problemas de convivencia.
- Asesoría do Departamento de Orientación sobre este tema.
- Implicación de toda a comunidade educativa deste centro na resolución dos conflitos.

ACTIVIDADES CONCRETAS

- Manter a aula limpa e ordenada, coidando o material propio e alleo.
- Acudir ao Centro correctamente vestido.
- Obedecer ao profesorado.
- Pedir permiso para saír da aula.
- Coidar as instalacións do Centro.
- Conferencias, charlas...
- Reunión cos pais e cos mediadores.

5. AXENTES DE CONVIVENCIA

Reitor.

Formador.

Titores.

Responsable do Departamento de Orientación.

Un alumno mediador e rotativo dos cursos de 3º e 4º da ESO.

A dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

Aos formadores correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas súas normas de convivencia.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Os titores realizarán aquelas actuacións establecidas no plan de convivencia e vixiarán o adecuado cumprimento das súas normas.

A orientadora proporcionará o material necesario para o desenvolvemento das actividades que melloren a convivencia entre alumnos, profesores,

formadores e traballadores do Seminario Menor de Tui. Ademais, identificará aquelas condutas que impidan as actuacións propostas para mellorar ou manter ao longo do curso e previrá e minimizará aquelas situacións que poidan facer perigar a consecución dos obxectivos anteriormente propostos.

6.PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

+ Pódese consultar o documento na seguinte ligazón (engadir a normativa do regulamento interno do centro)

6.1. Condutas prexudiciais para a convivencia

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar segundo o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os

equipamentos informáticos e o *software*, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

- As actuacións que constitúan acoso escolar.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- O porte de calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

6.2. MEDIDAS CORRECTORAS

Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Cambio de centro. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero,

orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais. En canto á proposta de cambio de centro, terá carácter excepcional. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia. Tamén aquelas condutas que atenten contra a dignidade do profesorado ou calquera traballador do Seminario Menor San Pelayo.

Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do devandito procedemento corrector.

6.3. Aplicación das medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39 do Decreto 8/2015 de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do devandito decreto. Un alumno poderá ser readmitido nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características

concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A dirección do centro informará ao titor do alumno corrixido das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia destas, de ser o caso.

CONDUTAS PREXUDICIAIS	AXENTES DE CONVIVENCIA	PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN
Agresións físicas ou psíquicas, inxurias ou ameazas ou coaccións	Reitor, formador, titor e orientadora. Alumno mediador tras a decisión da medida correctora.	Reunión de todos os axentes de convivencia para decidir o procedemento de corrección máis axeitado á situación. Pode ir dende a petición de perdón ata a expulsión definitiva do centro tendo en conta a gravidade da conduta.
Actos de discriminación	Reitor, titor, formador, orientadora.	1.Expulsión da aula ou da actividade. 2.Redención da ofensa: petición de perdón ou conduta compensatoria. 3.Notificación aos pais. 4.Intervención psicolóxica.

		5.De continuar con esta actitude a expulsión do Centro
Actos de desafío á autoridade	Titor ou formador	1.Expulsión da aula ou da actividade que se está realizando nese momento. 2.Notificación aos pais e mais o reitor.
Gravación, manipulación ou difusión de imaxes sen autorización pertinente ou información de calquera membro da comunidade educativa do Seminario Menor	Titor, formador, reitor	1.Expulsión de entre 1 ou 3 días do centro.
Uso inadecuado dos dispositivos electrónicos	Titor ou formador	1.Confiscación do aparello. 2.Notificación aos pais e convocatoria a unha reunión para devolver o obxecto. 3.En caso de reincidencia, confiscación do aparello ata o final do trimestre.
Acoso escolar	Titor, formador, reitor, orientadora Alumno mediador	1.Aplicación do Protocolo da Xunta para o Acoso Escolar. 2.Apertura de expediente disciplinario e medidas extraordinarias conforme á Lei 4/2011 do 30 de xuño de 2011.
Suplantación de personalidade ou falsificación de documentos.	Formador e reitor	1.Expulsión temporal do centro e, se hai reincidencia, expulsión definitiva.

Actos inxustificados que perturben ou impidan o desenvolvemento das actividades programadas para desenvolver o noso proxecto educativo	Titor, formador e reitor	1.Expulsión de 3 días do centro e, se hai reincidencia, expulsión definitiva. 2.Aviso aos pais da non continuidade no centro dese alumno no seguinte curso académico se persiste nesa actitude.
Actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal ou a incitación a elas.	Titor, formador e reitor	1.Expulsión de entre 1 e 3 días do centro. 2. No caso de non atopar o responsable, o centro acordará as medidas oportunas para resarcir o dano causado e garantir de novo a saúde e a integridade da comunidade educativa. 2. En caso de reincidencia, expulsión definitiva do centro.
Porte de obxecto, substancia ou produto perigoso	Titor, formador e reitor	1.Retirada do obxecto. 2.Reunión cos pais. 3.Medidas extraordinarias no caso de reincidencias (expulsión temporal ou definitiva do centro).
Incumprimento das sancións impostas e perseverancia da actitude ou conducta negativa	Titor, formador e reitor	Expulsión definitiva do centro.

MEDIDAS PARA TRABALLAR NO TERCEIRO TRIMESTRE:

Preparar a 1 e 2 de ESO para facelo o ano que vén

Rexistrar as incidencias:

- Insultos

- Desprezos, agresións físicas puntuais...
- Falar na aula de situacións que non se corresponden coa materia.
- Poñerse de pé.
- Coller ou tocar o material dos demais.

7 . FORMAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Páxina web do centro.

Titorías.

Reunión informativa cos pais e nais.

8. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Revisión trianual do plan por parte do claustro e membros da comisión de convivencia.

9. ANEXO DE ADAPTACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA Á SITUACIÓN COVID

- Non teremos a figura do alumno mediador, pero si se terá en conta a figura do delegado da clase nas cuestións de convivencia.
- No caso de ter que aplicar como medida correctora a expulsión da aula, poderase expulsar o alumno sempre e cando poidamos asegurar a súa supervisión visual, En caso de non poder asegurar tal supervisión, quedará a cargo do profesor de garda.
- En xeral, o titor terá que ser informado das incidencias ocorridas durante a aula e o profesor terá que informar aos pais a través da plataforma.